



Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 21 de xullo de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN), DA OBRA DE REPARACIÓN DE INTERIORES EN INSUA (AGRÓN) E OUTRO. DTC ADICIONAL 1/2014.-

O señor alcalde informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 16 de xuño de 2016, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento negociado sen publicidade tramitado para a contratación das obras de **“Reparación de interiores en Insua (Agrón) e outro”**, resultando a empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA**, a que obtivo maior puntuación.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, así como aos demais licitadores.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o expediente de licitación.

Figura no expediente o informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra **“Reparación de interiores en Insua (Agrón) e outro”** á empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA**, con CIF A-15352735, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de dezaioito mil oitenta e dous euros e un céntimo **(18.082,01.- euros)** sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de tres mil setecentos noventa e sete euros e vinte e dous céntimos **(3.797,22.- euros)**

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra Reparación interiores en Insua (Agrón) e outro a Julio C. Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vintedous de xullo de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde